**ROSALÍA DE CASTRO. 3º e 4º PRIMARIA. 24/02/2021.**




24 de febreiro

*Coa forza de Rosalía!*

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

AXENDA 2030

# Lúa Descolorida







Lúa descoladiña
como cor de ouro pálido,
vesme i eu non quixera
me vises de tan alto.



O espazo que recorres,
lévame, caladiña, nun teu raio.



Astro das almas orfas,
lúa descolorida,
eu ben sei que n'alumas
tristeza cal a miña.
Vai contalo ó teu dono,
e dille que me leve a donde habita.



Mais non lle contes nada,
descolorida lúa,
pois nin neste nin noutros
mundos terei fortuna.
Se sabes onde a morte
ten a morada escura,
dille que corpo e alma xuntamente
me leve a donde non recorden nunca,
nin no mundo en que estou nin nas alturas.





## Unha vez tiven un cravo

Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Soio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal chorou Madalena na Pasión.



"Señor, que todo o podedes
—pedinlle unha vez a Dios—,
daime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición."

E doumo Dios, e arrinqueino;
mais... ¿quen pensara...? Despois
xa non sentín máis tormentos.
nin soupen que era delor;
soupen só que non sei quen me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica, seica tiven soidades
daquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o esprito
¡quen o entenderá, Señor!



Rosalia de Castro



# ¡ADIANTE!

No escuro pavoroso
i antre o xordo romor dos pinos bravos
que a tempestá azoutaba como a escravos,
oíuse, como queixa de raposo,
un asubío medoso.

E un laio de temor que daba frío,
ó medoso asubío
respondeu dende o fondo da espesura,
aumentando no espíritu a tristura que daba
o ronco marmurar do río.
Antre as negras ribeiras manso e lento,
como corre o abatido pensamento antre os tristes
remorsos i a esperanza,
iña a compás do vento
correndo tras da extensa lontananza.
Mais cabe da ancha orela,
misterioso e agachado un centinela
nunha lancha do Miño apousentaba;
i a arma na man i en vela,
a través da ramaxen axexaba.

# A Rosalia de castro



# CAMIÑO

Dende aquí vexo un camiño
que non sei a donde vai;
polo mismo que n'o sei,
quixera o poder andar.



Istreitiño sarpentea
antre prados e nabals
i anda ó feito, aquí escondido,
relumbrando máis alá.

Mais sempre, sempre tentándome
co seu lindo crarear,
que eu penso, non sei por que,
nas vilas que correrá,
nos carballos que o sombrean,
nas fontes que o regarán.

Camiño, camiño branco,
non sei para donde vas;
mais cada vez que te vexo,
quixera poderte andar.



Xa collas para Santiago,
xa collas para o Portal,
xa en San Andrés te deteñas,
xa chegues a San Cidrán,
xa, en fin, te perdas... ¿quen sabe
en donde?, ¡que máis me dá!

Que ogallá en ti me perdera
pra nunca máis me atopar...
Mais ti vas indo, vas indo,
sempre para donde vas,
i eu quedo encravada en onde
arraigo ten o meu mal.
Nin fuxo, non, que aunque fuxa
dun lugar a outro lugar,
de min mesma, nadie, nadie,
nadie me libertará.

Rosalía de Castro





# Sin niño

Por montes e campías,
camiños e esplanadas,
vén unha pomba soia,
soia de rama en rama.

Síguena as pobres crías,
sedentas e cansadas,
sin que alimento atope,
para darlles a bicada.

Trai manchada-las prumas
que eran un tempo brancas,
trai muchas e rastreiras
i abatida-las alas.
¡Ai, probe pomba, un tempo
tan querida e tan branca!
¿Onde vai o teu brilo?
O teu amor, ¿onde anda?





# VAMOS BEBENDO



-Teño tres pitas brancas
e un galo negro,
que han de poñer bos ovos
andando o tempo;
i hei de vende-los caros
polo xaneiro;
i hei de xunta-los cartos
para un mantelo;
i heino de levar posto
no casamento;
i hei...

-Pois mira, Marica,
vai nor un neto,
que untramentas non qwitas
eses cerellos,
i as pitas van medrando
o galo negro, nora pañe-los ovos,
e todo aquelo
do xaneiro, dos cartos
i o casamento, miña prenda da i alma,
¡vamos Bebendo!







Unhavez tiven un cravo cravado no corazón, i eu non me acordo xa si era aquel cravo de ouro, ~~que~~ de ferro ou de amor.

Soio sei que me fixo un mal tan fondo, que tante me atormentou.

que eu día e noite sin cesar choraba cal chorou Madalena na pasión.





Rosalía Castro de Murguía

actiludis.com

(cc) BY-NC-SA

# Maio Longo

Maio longo... maio longo
todo cuberto de rosas;
para algúns, telas de morte;
para outros, telas de bodas.
Maio longo, maio longo,
fuches curto para min:
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.











NACÍN
TODO, QUE NON
TEÑEN ESAS
CONCENCIA
Quen puidera
non deixar!
MENTRAS


NACÍN
Todo
teñenes
Quen
puidera
non deixa
mentros
Tan conta

Maio longo, Maio longo
todo cuberto de, rosas
para algús, telos de morte
para outros, telos de bodas
Maio longo Maio longo

Fuches curto para min
vou contigo a miña dicha
levar contigo a Fuxir

